



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Rúa Alcalde Juan Seijas s/n 15175 Carral (A Coruña)

☎ 881 880 446

✉ ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/>

CONSELLO DA INFANCIA



Data de aprobación polo Consello da Infancia:

16 de abril do 2024

Data de aprobación polo Consello Escolar:

6 de maio do 2024

Data de revisión:

Carral, 6 de maio 2024

Asinado dixitalmente á marxe.

ÍNDICE

PREÁMBULO.....	2
CAPITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
Artigo I. Definición.....	3
Artigo II. Fundamentación.	3
Artigo III. Finalidade.....	3
CAPITULO II. ESTRUTURA, COMPOSICIÓN E FUNCIONES	3
Artigo IV. Estrutura, composición e funcionamento.....	3
Artigo V. Elección dos nenos e nenas do Consello.....	4
Artigo VI. Participantes.....	5
Artigo VII. Funcións da persoa adulta coordinadora.....	5
Artigo VIII. Funcións da persoa secretaria.	5
Artigo IX. Funcións do Consello da infancia.....	5
CAPITULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E CONVOCATORIAS.....	6
Artigo X. Convocatoria das reunións do Consello da infancia.....	6
Artigo XI. Termos da convocatoria.	6
Artigo XII. Constitución.....	6
Artigo XIII. Causas de baixa.....	6
Artigo XIV. Soporte Institucional.	7
Disposición final primeira.	7
Disposición final segunda.	7

PREÁMBULO

A participación do alumnado fundaméntase nos dereitos descritos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, e na Declaración de Dereitos do Neno das Nacións Unidas de 1959.

A Constitución española no artigo 39.4 establece que “os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos”, e a *Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuizamento civil, modificada pola Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo do sistema de protección á infancia e adolescencia*, enumera os dereitos de participación das persoas menores.

Debemos ter presente ademais que as nenas e os nenos son persoas de pleno dereito polo que a infancia non debe ser tratada dende o punto de vista dun proceso nin como proxectos de adulto. Sen dúbida, o período infantil ten un valor de por si, e teñen cousas que dicir sobre a sociedade na que viven. Débese promover polo tanto a participación infantil, facilitando os instrumentos e mecanismos para que poidan expresar as súas opinións no contexto social, e así recuperar o protagonismo que lles corresponde, recoñecer a súa capacidade de actuar e expor preguntas e respostas útiles e eficaces.

As persoas adultas deben valorar a personalidade que hai detrás de cada neno e nena, como persoas posuidoras de dereitos e deberes implícitos. Os nenos e nenas son persoas activas, capaces de descubrir problemas e solucións en todo o relacionado co que é e será unha parte moi importante da súa vida.

O CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel coas súas normas, as súas instalacións, o seu profesorado, os seus espazos, e os seus tempos, sabe que os nenos e nenas teñen moito que achegar. Na sociedade, a infancia non tivo un espazo propio recoñecido ata hai pouco tempo, por iso é necesario a aparición de iniciativas de participación infantil que permitan unha visualización da infancia e os seus dereitos, crendo firmemente nas potencialidades dos nenos e nenas, compartindo os seus espazos, realidades e necesidades, adecuando os espazos, instrumentos, criterios, obxectivos e plans de traballo ás capacidade infantís.

CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo I. Definición.

O Consello de Alumnado é un órgano consultivo e de participación do centro educativo que garante ao Consello Escolar e aos diferentes órganos de goberno e de coordinación do centro, o punto de vista dos nenos e as nenas, non só sobre os problemas estritamente infantís, senón tamén sobre todos aqueles temas relacionados co centro educativo e a súa educación.

Artigo II. Fundamentación.

A creación do Consello inspírase na *Convención sobre os Dereitos do Neno* aprobada polas Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en toda a normativa reguladora dos dereitos da infancia derivada do mandamento constitucional e estatuario, e desenvólvese de acordo có previsto na proposta de Francesco Tonucci, "*A cidade dos nenos*".

Artigo III. Finalidade.

É un órgano consultivo e de participación que ten como finalidade a información, a implicación e a participación dos nenos e nenas na vida do centro educativo, e establece como obxectivos básicos os seguintes:

- Involucrar á infancia na toma de decisións que lles afecten, facéndolles participes destas.
- Promover a participación infantil oíndo as súas opinións de xeito que tomen conciencia da participación como un dereito.
- Impregnar a vida do centro educativo do punto de vista da infancia.

CAPITULO II. ESTRUTURA, COMPOSICIÓN E FUNCIONES

Artigo IV. Estrutura, composición e funcionamento.

O Consello estará formado por nenos e nenas de entre 3 e 13 anos. No noso centro, teremos un neno e un nena de cada aula.

Teñen un mandato que dura un mínimo de un ano. Dependendo da idade do alumnado poderanse renovar Conselleiros e Conselleiras sen necesidade de renovar o Consello completo.

O centro encárgase de dotar aos adultos responsables do Consello de:

- Bibliografía relacionada coa importancia de darlle voz á infancia coma os libros de Francesco Tonucci (A cidade dos nenos, Cando os nenos din basta!, Manual de guerrilla urbana..).
- Proxecto Educativo e outros documentos de centro que poidan ser relevantes.

Celebraranse reunións de Consello ordinarias de forma mensual ou de forma extraordinaria como se recolle no artigo X destes Estatutos. A convocatoria chegará as aulas e deberá conter a acta da reunión anterior e a orde do día previsto para a seguinte convocatoria.

En canto ao funcionamento das reunións cabe sinalar:

- As persoas do Consello deben sentirse en total liberdade para opinar e achegar.
- A persoa secretaria do órgano levantará acta.
- As propostas que saian do Consello serán elevadas ao órgano correspondente pola persoa presidenta e os diferentes órganos do centro comprométense a responder de xeito formal e argumentado a ditas propostas.
- Poderanse formar grupos de traballo dentro do Consello, convocándoos coa periodicidade que se crea oportuna.
- As familias poderán acompañar ao alumnado representante (sobre todo cando o Consello se celebre fora do horario lectivo) pero non poderán participar salvo excepcións.
- Poderán asistir persoas representantes de institucións ou visitantes ocasionais que o soliciten pero sempre coma oíntes.
- Se o Consello o estima oportuno, pedirase información ou explicación as persoas adultas.

Artigo V. Elección dos nenos e nenas do Consello.

Os nenos e nenas representarán a todo o alumnado do centro escolar. De cada grupo clase extraeranse os nomes dunha nena e un neno. A súa elección será democrática e sempre se procederá con eleccións desde o azar que faciliten a entrada no Consello e deixando claro nas aulas que os conselleiros non son os delegados nin delegadas de clase.

Artigo VI. Participantes.

Ao Consello de Alumnado poderán asistir as persoas e/ou asociacións que sexan convidadas a proposta ou por requirimento do Consello de Alumnado pero, salvo ditas peticións puntuais, non participarán nin familias nin profesorado.

É unha maneira de evidenciar os dereitos dos nenos e as nenas, sabendo que enfronte dos dereitos dos nenos e nenas sempre están os deberes dos adultos e evitando así que se sintan "obxecto de avaliación" falando para agradecer.

Artigo VII. Funcións da persoa adulta coordinadora.

Serán funcións da persoa adulta no Consello de Alumnado:

- Convocar e asistir ás reunións do Consello da infancia, potenciando sempre a autonomía dos nenos e nenas.
- Preparar a orde do día.
- Garantir a participación dos conselleiros e conselleiras.
- Coordinar a relación entre o Consello e os órganos de goberno do centro educativo.

Artigo VIII. Funcións da persoa secretaria.

A persoa que fai estas funcións é un adulto, que como o coordinador ou coordinadora, non opina nin xulga as ideas ou achegas de conselleiros e conselleiras. Serán funcións da persoa secretaria:

- Enviar as citacións e orde do día ás persoas que compoñen o Consello.
- Cursar as invitacións de asistencia.
- Levantar acta das sesións e expedir informes.

Artigo IX. Funcións do Consello da infancia.

Serán as seguintes:

- Informar o Consello Escolar e aos equipos de dirección e coordinación do centro sobre os problemas que afecten os nenos e nenas.
- Efectuar propostas de cambio para o centro.
- Propoñer solucións alternativas aos problemas do alumnado no día a día.

- Coñecer o programa anual de actuación e os recursos destinados á mellora das condicións dos nenos e nenas.
- Ser informados das propostas sobre todos aqueles temas que lles afecten.
- Os conselleiros e as conselleiras asisten ás reunións sendo portadores da opinión consensuada na aula.
- As propostas realizadas por conselleiros e conselleiras non deben ser votadas e aprobadas por maioría para ser consideradas; senón que deben ser debatidas e entendidas por todo o Consello.

CAPITULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E CONVOCATORIAS

Artigo X. Convocatoria das reunións do Consello da infancia.

As reunións convocaranse, mínimo, mensualmente con carácter ordinario, e poderanse celebrar sesións extraordinarias, sempre que sexa necesario, a proposta de:

- A persoa adulta coordinadora, a pedimento do Consello Escolar, entidade titular ou calquera órgano de coordinación ou goberno do centro, ou doutras institucións relacionadas.
- 1/3 das persoas que forman o Consello da infancia.

Artigo XI. Termos da convocatoria.

A convocatoria das reunións efectuarase con 7 días de antelación ou, no caso de ser de carácter extraordinario, con mínimo de 2 días.

Artigo XII. Constitución.

O Consello considerarase constituído cando asistan a metade máis un dos seus compoñentes, en primeira convocatoria, e calquera que sexa o número de asistentes en segunda convocatoria. Entre ambas deberá mediar un mínimo de media hora. Con todo, sempre deberán estar presentes a persoa adulta que coordina e a persoa secretaria. Para facilitar o traballo de elaboración da acta as reunións poden ser gravadas.

Artigo XIII. Causas de baixa.

Causarase baixa por renuncia voluntaria e expresa ante o adulto que coordina.

Artigo XIV. Soporte Institucional.

Ao tratarse dunha iniciativa institucional para promover a participación infantil, os órganos de goberno do centro difundirán e ofrecerán o máximo soporte a este Consello polo seu contido educativo.

Disposición final primeira.

Os órganos de goberno e participación velarán polo cumprimento deste regulamento, facilitarán o seu funcionamento, así como realizarán o seu seguimento e supervisión

Disposición final segunda.

Este regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado polo Consello da infancia e polo Consello Escolar, recollendo acta do mesmo, sempre cumprindo a lexislación vixente.